



Πάτχόν

**C**hamouse antigamente Pandion, e despois co tempo veuse dicir Panxón, nome que hoxe retén. No 13 de Xuño de 1228 o Rei Dn. Alfonso 9º de León concedeu ao Mosteiro de Oia entre outras cousas seis casais en Pandion; confirmou esta mercede máis adiante o seu fillo Don Fernando o Santo; e ademais deulle a mesma Vila de Pandion co Coto, os seus homes e canto pertencía nela á Rexía potestade, súa data na Cidade de Tui a 13 de Marzo de 1232. Venera por Patrón tutelar a Sn. Xoán Bautista (171), cuxa festa lle celebran o 24 de Xuño: antigamente parece reconeceu por tal a Sn. Pantaleón Mártir, e que deste Santo tomou por corrupción o nome no seu principio de Pandion, e despois Panxón, véxase o que sobre iso diremos abaixo na suprimida parroquia de Sn. Pantaleón. Habitan Panxón 230 veciños, que pertencen polo contencioso ao Tenente do Xuíz do Mosteiro de Oia, que antes nomeaba este aquí, e polo político e governativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 22.400 reais, que por enteiro goza o Cabido Catedral de Tui co cargo de poñer e dotar ao Cura párroco: este non ten casa reitoral nin igrexario. A fábrica da Igrexa percibe anualmente de arrendo 92 reais. Ten Granxa e priorado dos Monxes Bernardos de Oia con Ermida propia destes, e outra pública de Nosa Señora da Escravitude. É porto de mar e de moita pesca especialmente de sardiña. Dista de Tui 3 leguas.

27. ... Sn. Pantaleon: desta parroquia sen máis título nin nome especial atopamos repetidas mencións en documentos antigos e aquí imos citala en comprobación da súa existencia: na partilla de Igrexas e bens que fixeron entre si os Señores Bispo e Cabido de Tui en





1º de Decembro de 1156 foi adxudicada en cupo o último á Igrexa de Sn. Pantaleon en terra de Miñor: Na Información dos milagres de Sn. Pedro Telmo recibida polo ano 1258 exprésase a mesma parroquia de Sn. Pantaleon en Miñor: Nunha Escritura do Mosteiro de Oia que limos no seu arquivo de data 15 de Novembro de 1358 díse que Girál Martínez, Clérigo era entonces Abade da Igrexa de Sn. Pantaleon no Val de Miñor. Esta parroquia hoxe non existe con este título nin se sabe con seguridade en que parte do referido val estivo: porén sabemos que na antecedente de Panxón hai un casal nomeado de Sn. Pantaleon polo que percibe de renda anual o Rdo. Bispo de Tui ferrado e medio de trigo e 22 reais por unha marrana, ademais do quinto do froito que se colle nel, e está regulado por un quinquenio en 30 ferrados de millo, parece moi probable sexa este o sitio que ocupou a Igrexa parroquial de que falamos, porque Panteon é abreviatura que aínda hoxe vemos usada entre nós do nome de Pantaleon: e de aquí inferimos outra especie, e é, que do nome de Pantaleon ao Panteon orixínouse por corrupción o nome da parroquia antecedente chamándoa primeiro Pandion, e despois Panxón, e por conseguinte que esta substituíu á antiga de Sn. Pantaleon. (ÁVILA Y LA CUEVA, 509-510).

## Templo Votivo do Mar (173)

É a sede da parroquia de S. Xoán Bautista.

O lugar onde está comprouse o día 11 de maio de 1931 e a primeira pedra púxose o 27 de novembro de 1932, sendo bendicida polo bispo García y García e foi consagrado coma templo polo mesmo bispo o 31 de outubro de 1937.

Esta primeira pedra pertencía á antiga igrexa, e púxoselle a inscrición seguinte:

“Á VIRXE DO CARME RAIÑA DOS MARES. SUSCRICION POPULAR 27 NOVEMBRO 1932”.

Está dedicado á Virxe María do Monte Carmelo.

O importe da obra recadouuse por subscrición popular neses mesmos anos.

O Párroco que levou a cabo o proxecto era D. Xesús Espinosa.

A superficie do templo ten 340 metros cadrados.

A obra foi deseñada polo arquitecto porriñés Antonio Palacios Ramilo. Esta obra súa hai que encadrarla no movemento ideolóxico e cultural dos comezos do século XX, no que se trataba de facer unha arquitectura autóctona con raíces tradicionais, para que transmitira contidos culturais propios que singularizaran o seu significado galego, en contraposición aos outros movementos máis internacionalistas.

Forma parte dun grupo de artistas que intentan concretar a idea dunha plástica netamente galega, polo que percorre toda Galicia visitando as construcións románicas e barrocas, das que adquire un especial coñecemento que se vai concretar nunha arquitectura propia.

Este Templo Votivo formaba parte dun conxunto de construcións que tiña planeado e que nunca chegaron á súa realización.

Ten planta de cruz latina, cunha soa nave, e tres corpos no inicio.

Á fronte está o **campanario** (174), na esquerda, e o baptisterio, á dereita.

A súa **ábsida é poligonal** (176), tras o transepto que está rematado co cimborrio tamén poligonal e a cúpula, sobre arcos apuntados.

Tamén son de destacar os mosaicos, realizados polo construtor D. Xosé Mogi-mes, coa axuda de mozos de Panxón, e segundo o deseño de Palacios. Están construídos con restos de azulexos de desfeito.

Representan:

- Anunciación da Virxe na entrada





- Coroación, no segundo tramo
- A **Virxe do Carme**, no terceiro (175).
- Cúpula: No centro o Espírito Santo, as figuras dos Anxos que sosteñen o ceo, e outros anxos músicos. E 8 medallóns que representan santos predicadores. Nas **pechinas** os símbolos dos Evanxelistas (177).
- Nos vans laterais representan escenas da vida de S. Telmo, que é o patrón da Diocese, e de S. Xoán Bautista, o patrón da parroquia.
- Enriba do comungatorio a escena de Xesús co Centurión.
- Na ábsida A Trindade co Cristo en Maxestade, e santos de devoción, e tamén a arribada da Pinta a Baiona.

Outro elemento a considerar nesta igrexa son as **vidreiras** (172) e o rosetón. A luz xoga sempre un papel moi importante na arquitectura, e Palacios tratou de innovar por medio de transparencias que xorden da combinación de baldosas de vidros industriais insertas no formigón armado.

## Arco Visigótico (178)

É o que queda do antigo templo parroquial. Son os restos dunha igrexa e o seu camposanto.

A data máis probable da súa construción é no século VII.

Está formado por 21 doelas desiguais. A clave está descentrada. As dúas columnas que o sosteñen tamén son desiguais, e poderían faltar outras dúas.

### FESTAS E ROMAXES DE PANXÓN

- S. Xoán Bautista: 24 de Xuño.
- Martirio (Decapitación) do Bautista: 29 de Agosto.
- 1º domingo de Xullo: sardiñada popular.
- No mes de Outubro: cadelucha.

